

ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO CONCELLO DE ARTEIXO AO CEIP PONTE DOS BROZOS, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ARTEIXO INNOVACIÓN – MANTEMENTO E CONSERVACIÓN – ANO 2023

REUNIDOS

Dona Inés Ramos Álvarez, na súa calidade de concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, con domicilio na Praza Alcalde Ramón Dopico, (Arteixo-A Coruña).

Dona Patricia Galán Gómez, con DNI 32797657W na súa calidade de directora do CEIP Ponte dos Brozos como presidenta do Consello Escolar de dito centro, con CIF Q6555285C domiciliado na Avda. Arsenio Iglesias , parcela 34 (Arteixo- A Coruña).

Comparecen de mutuo acordo ante o Secretario Xeral para dar fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente a plena capacidade xurídica e de obrar na representación que ostentan e, polo tanto, para o outorgamento do presente acordo.

Tendo en conta a vontade das partes por establecer liñas de colaboración

EXPOÑEN

De conformidade co disposto no artigo 1 do RDL 781/1986, de 18 de abril, do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, O Concello de Arteixo ten plena capacidade para obrigarse.

En virtude do estipulado na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, o Concello de Arteixo está legalmente apoderado para a planificación das súas respectivas áreas municipais promovendo toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as demandas e aspiracións dos seus veciños no seu ámbito. No artigo 4 da mencionada lei faise mención ás competencias que lle corresponden ás administracións municipais, atribuíndolle, entre outras, as potestades regulamentarias e de autoorganización, de programación ou planificación.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a través do artigo 2 indica que se debe asegurar aos Concellos (entre outras administracións) o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses para o que se lles atribúen competencias que lles permitan a atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local para o cumprimento dos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia.

Na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, régúlase que o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza en cumprimento das competencias que a

lexislación lle confire. No apartado 25.2.ñ) conséctase que dentro das materias obxecto do seu ámbito competencial, está a promoción da participación da cidadanía no uso eficiente das comunicacións dentro do seu termo municipal.

Por outro lado, para o establecemento do presente acordo de concesión téñense en conta os fins marcados ao longo de anos anteriores de desenvolvemento do proxecto:

- Participación activa e satisfactoria ao longo de cursos anteriores ou actitude proactiva para a incorporación ao proxecto.
- Idoneidade da continuidade da iniciativa educativa Arteixo Innovación para potenciar a autoxestión e adecuación da infraestrutura tecnolóxica ás necesidades específicas dos centros e fortalecer as habilidades tecnolóxicas da comunidade educativa en cada centro educativo.
- Intencionalidade de mantemento das liñas de colaboración entre os centros de ensino e o Concello de Arteixo como referencia no uso das TIC no eido educativo e na transferencia de coñecemento ao resto da cidadanía, a favor dun desenvolvemento local integral.
- Obtención de maior eficiencia e optimización dos recursos a través da busca permanente de financiación allea que complementa e continúa os presupostos que o Concello de Arteixo destina ao “Proxecto Arteixo Innovación - Educación”

Polo que ambas as dúas partes,

ACORDAN:

PRIMEIRO.- OBXECTO

O presente acordo regula os termos de implantación da “Proxecto Arteixo Innovación – Mantemento e conservación” para o ano 2023, co obxecto de apoiar o uso das TIC no eido educativo

SEGUNDO.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Son obrigas da entidade beneficiaria da subvención todas as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e, en particular, as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto e realizar as actividades que dan lugar á concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión de axuda.
- c) Someterse ás actuacións de control e comprobación financeira que exercerá o Concello en relación coa aplicación do contido no presente acordo.
- d) Comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións que financien as actividades obxecto deste convenio segundo o estipulado no artigo 14 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
- e) Acreditar que se atopa ó corrente coas súas obrigas tributarias (Estado, CCAA, Deputación Provincial e Concello de Arteixo) e coa Seguridade Social. No caso de que asine autorización expresa, o Concello de Arteixo poderá obter as certificacións acreditativas da Axencia Tributaria e tramitará de oficio as municipais.

- f) Facer constar, de xeito claro e fidedigno, a colaboración do Concello de Arteixo en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se realice ou equipamento que estea vinculado ao obxecto desta subvención. Será facilitado pola entidade municipal o modelo de imaxe corporativa oficial que deberá utilizarse. Esta obriga deriva do definido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- g) Facer constar dun xeito claro e visible a colaboración/financiación do Concello de Arteixo no Proxecto Arteixo Innovación – Educación, en calquera proxección externa ao centro dos proxectos, memorias, programacións, formación, información, concursos, charlas informativas, encontros, xornadas e outras vías de participación que se propoñan a cada centro por parte de administracións ou entidades públicas ou privadas onde se aborden de forma directa ou indirecta calquera dos resultados derivados dos proxectos financiados.
- h) Solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación, cando o gasto supere o os 6.000 € (sen IVE) para adquisición de equipamento ou para a prestación de servizos, en cumprimento do indicado no artigo 31.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e tendo en conta a lexislación específica de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público)

Ademais das regulamentariamente indicadas, tamén son obrigas da entidade beneficiaria as seguintes:

1. Colaborar co Concello de Arteixo nas accións que se planifiquen para aumentar e difundir o impacto do “Proxecto Arteixo Innovación – Educación” entre a veciñanza, tendo esa colaboración, como norma xeral, as seguintes condicións:
 - Participación nos encontros “Arteixo Innovación – Educación” asumindo a presentación de ponencias sobre os proxectos de uso das TIC que desenvolva o centro ao longo do curso. A temporalización e organización corresponde ao Concello de Arteixo debendo os centros adaptarse ás mesmas. Para a organización definitiva realizarase programación conxunta coa distribución de horas de ponencia de cada centro.
 - Dinamización para nais/pais sobre o uso das TIC dentro das xornadas anuais que se levarán a cabo.
 - Avaliación anual do impacto de uso das TIC no alumnado e nas súas familias e memoria final na que recolla a avaliación do proxecto e que se presentará dentro da data indicada para a xustificación.
2. Subministro e configuración de novo equipamento que dea continuidade ás estruturas de traballo establecidas no “Proxecto Arteixo Innovación - Educación”.
3. Colaboración co Concello en situacións de vulnerabilidade educativa que se detecten entre o alumnado.
4. Mantemento dos servidores físicos e/ou virtuais que dean cobertura tecnolóxica ao centro.
5. Dinamización da comunidade educativa (profesores, alumnado e familias)

TERCEIRO.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables, aqueles que indubidablemente respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período que recolle o acordo. A estes efectos só se poderán imputar os seguintes gastos:

- Servizos de mantemento ou configuración do equipamento tecnolóxico, tanto *in situ* coma remoto
- Gastos de licenzas de programas ou apps específicas

Considerarase gasto realizado o que estea efectivamente pagado con anterioridade á data na que se presente no Concello a conta xustificativa.

En todo caso, é gasto imputable o que responda aos conceptos indicados e que se realice entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

CUARTO.- FINANCIACIÓN

O Concello de Arteixo financiará ao centro educativo CEIP PONTE DOS BROZOS cun total de 23.000,00 € con cargo ás seguintes partidas indicadas do Orzamento municipal para o exercicio 2023:

CONCEPTO	CONTÍA SUBVENCIÓN	PARTIDA
Mantemento e conservación	23.000,00 €	320.48900

As contías da subvención non son compensables e deben destinarse unicamente aos conceptos definidos.

Enténdese que é gasto de mantemento e conservación, o gasto corrente que reúna algunha das seguintes características:

- a) Que sexa un ben funxible
- b) Que teña unha duración previsiblemente inferior a un ano
- c) Que non sexa inventariable
- d) Que sexa un gasto previsiblemente reiterativo

A título de exemplo: servizos de mantemento de equipos, subministro de consumibles, reparacións de equipos que non impliquen investimento, é dicir, que non supoñan ampliar a vida útil do ben reparado, etc.

O pagamento da subvención realizarase do seguinte xeito:

- 1º prazo: unha vez asinado o acordo de concesión pola contía correspondente ao 80% do total concedido.
- 2º prazo: unha vez xustificado o gasto completo pola contía concedida.

QUINTO.- DOCUMENTACIÓN PREVIA

Para a sinatura do acordo, o centro educativo deberá presentar no Rexistro Municipal a seguinte documentación:

- Proxecto valorado de accións imputadas ao concepto de mantemento e conservación, obxectivos a acadar e programación deseñada asociada a esta liña.
- Declaración de non recibir outras subvencións polo mesmo concepto (segundo modelo).
- Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado e da Xunta de Galicia, coa Deputación Provincial, co Concello de Arteixo e outras entidades públicas relacionadas. No caso de obrar autorización expresa (segundo modelo) a entidade municipal tramitará as que poida obter de xeito directo.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para percibir axudas públicas (segundo modelo) e de cumprimento das obrigas como entidade beneficiaria segundo o contido na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais (punto 8).

SEXTO.- XUSTIFICACIÓN

Para o cobro do 2º prazo, a entidade beneficiaria deberá achegar xustificantes do gasto polo total da contía.

O Concello de Arteixo realizará a comprobación da situación de débedas coas distintas administracións. En caso de dúbida ou non acceso aos datos, poderá requirir esta documentación ao centro.

Para o cobro do último prazo, será requisito imprescindible a presentación previa no Rexistro do Concello da conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

- a) MEMORIA DE ACTUACIÓN XUSTIFICATIVA do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención. Dita memoria conterá definición das accións/actividades realizadas, temporalización, obxectivos acadados e nivel de cumprimento dos establecidos e autoavaliación.
- b) MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA do gasto realizado (arts.72 e 75 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións) (segundo modelo).
As facturas e documentos probatorios que se presenten como xustificantes terán que ser orixinais.
Con cada unha das facturas achegarase xustificante bancario de transferencia que acredite o pago ao proveedor, no que se indicará o beneficiario, número de factura que se paga e importe abonado contra a conta operativa da que é titular a entidade beneficiaria.
- c) Copias cotexadas doutros documentos acreditativos dos gastos imputados (contratos, ...)
- d) Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado, coa Xunta de Galicia, coa Deputación Provincial e co Concello de Arteixo ou autorizacións para a súa obtención cando sexa posible.
- e) Relación doutras axudas ou subvencións recibidas para a mesma finalidade, indicando o importe e a procedencia ou, no seu caso, declaración de que no se obtivo ningunha outra axuda para o mesmo fin.
- f) Declaración de ter cumprida a finalidade para a que foi concedida a axuda.

- g) Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito ou no equipamento que estea vinculado ao obxecto desta subvención

O prazo para presentar esta conta xustificativa rematará o 31 de xaneiro de 2024.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que o interesado atenda o requerimento, entenderase que desiste da súa petición, ditándose resolución que deberá ser notificada ao beneficiario.

SÉTIMO.- PAGAMENTO

O Concello de Arteixo realizará o ingreso de cada prazo do seguinte xeito:

- 1º prazo: 80 % da contía concedida para cada concepto subvencionable.
- 2º prazo: 20 % restante, previa aprobación da conta xustificativa achegada polas canles administrativas adecuadas (Rexistro do Concello) segundo o indicado no apartado de xustificación do presente acordo. Neste pago realizaranse os axustes que correspondan no caso de que a xustificación final sexa por unha contía inferior á concedida como total.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos para os mesmos conceptos e obxecto ca os definidos no presente acordo, o importe total a xustificar será a suma de todos. É dicir, o importe total das subvencións recibidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concurrencia con subvencións, ingresos ou axudas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, supere o gasto executado pola entidade beneficiaria.

De producirse esa concurrencia e que supere o 100% do gasto total executado en cada un dos conceptos financiados, polo Concello de Arteixo procederase ao reaxuste da contía do pago do último prazo no apartado subvencionable que corresponda.

OITAVO.- REINTEGRO

Cando trascorrido o prazo de xustificación esta non se efectuara, ou non se atendera ao requerimento efectuado, acordarase non realizar o pago do último prazo ou iniciar o procedemento de reintegro en aplicación do regulado no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Formularase requerimento expreso por parte do Concello coa definición do prazo e recursos que caben, previa adopción de acordo correspondente pola Xunta de Goberno Local.

NOVENO.- REUNIÓN DE AVALIACIÓN

O Concello de Arteixo, baixo a dirección da Alcaldía ou da Concellaría con delegacións na materia, porá en marcha reunións de avaliación da “Proxecto Arteixo Innovación - Educación”, na que deberá participar o centro educativo.

DÉCIMO.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- Transcurso do prazo estipulado no presente documento como duración do mesmo.
- Mutuo acordo entre as partes manifestado por escrito.
- Calquera incumprimento das condicións deste convenio e, supletoriamente, do estipulado na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais.
- As demais causas previstas legal ou regulamentariamente.

DÉCIMOPRIMEIRO.- INTERPRETACIÓN

Corresponde á Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar este Acordo de colaboración, así como de acordar a súa rescisión en caso de incumprimento por parte da entidade asinante de calquera das obrigas no mesmo contidas.

DÉCIMOSEGUNDO.- O PRAZO DE VIXENCIA

O presente convenio formalízase coa sinatura das partes na data que figura ao final deste convenio e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023, debendo formalizarse novo convenio para sucesivas colaboracións.

En Arteixo, na data de sinatura dixital do documento electrónico

ASDO.: INÉS RAMOS ÁLVAREZ
CONCELLEIRA DE IGUALDADE, SERVIZOS
SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

ASDO.: PATRICIA GALÁN GÓMEZ
PRESIDENTA DO CONSELLO ESCOLAR

ANTE MIN,
ANTE MIN, SECRETARIO XERAL
ASDO.: JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA